



## ACTA N° 2022/6

### *Sesión ordinaria do Pleno da Corporación Sala de sesións da casa do concello, luns 30 de maio de 2022*

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordóñez

**ASISTEN:**

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.<sup>a</sup> María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.<sup>a</sup> Rosa Blanco Lema

D. Mario Andujar Mouzo

ADIANTE VIMIANZO

D.<sup>a</sup> Marta Rey Lema

D.<sup>a</sup> María Jesús Barbeira Pose

D. Francisco Javier Trillo Pazos

PP

D.<sup>a</sup> Raquel Rodríguez Amigo

D. Francisco Manuel Calzas Suárez

**AUSENCIAS:**

ADIANTE VIMIANZO

D. Eugenio Vidal Quintáns

D. Manuel Lorenzo Hermida

Dna. Marta Rey desculpa as ausencias de ambos por motivos familiares e persoais.

**SECRETARIO/A:**

D. Francisco Javier Novoa Juiz

**INTERVENTOR/A:**

D. Francisco Fernández Armada



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na,

## **ORDE DO DÍA**

### **A) Sección resolutiva**

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2022.

2º. Ditame sobre a modificación da Ordenanza Fiscal núm.17, reguladora da taxa por prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal. Exp. 2022/X998/000034.

3º. Ditame sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de crédito núm.2022/TC/04. Exp.2022/T002/000007.

4º. Ditame sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario núm.2022/CE/01. Exp.2022/T002/000014.

5º. Aprobación do Plan de medidas antifraude do Concello de Vimianzo para a xestión dos fondos "Next Generation EU".Exp.2022/C006/000001.

6º. Aprobación do IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, do concello de Vimianzo para os anos 2022-2026.Exp.2022/X998/000033.

### **B) Sección de control**

7º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

8º. Mocións de urxencia.

9º. Rogos e preguntas.

Comeza o debate e votación da orde do día.

### **A) Sección resolutiva**

**1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2022.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.



Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2022.

**2º.- Ditame sobre a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 17, reguladora da taxa por prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal. Exp. 2022/X998/000034.**

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 25 de maio de 2022, que se reproduce a continuación:

**“1.Proposta de ditame sobre a modificación da Ordenanza fiscal núm.17, reguladora da taxa por prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal.Exp.2022/X998/000034.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 19/05/2022, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**Asunto:** modificación da Ordenanza Fiscal núm. 17, reguladora da taxa por prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal. Exp.2022/X998/000034.

Visto o informe emitido o 18 de maio de 2022 polo técnico de deportes, recomendando a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 17, reguladora da taxa por prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal, en concreto o epígrafe cuarto do artigo sexto, segundo se transcribe literalmente:“Artigo 6.º.–Cota tributaria. A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

(...)

Epígrafe 4.–Utilización do ximnasio. Tarifas (euros/hora):

Tipo de abono	Contía
Matrícula	10 €
Abono individual adulto ( <i>Persoa entre os 18 e 64 anos que usa as instalacións sen limitacións de días e franxas horarias.</i> )	20 €/mes
Abono individual terceira idade ( <i>Persoa con 65 anos ou máis que usa as instalacións sen limitacións de días e franxas horarias.</i> )	15 €/mes
Abono individual xuvenil ( <i>Persoa menor de 18 anos que usa as instalacións sen limitacións de días e franxas horarias.</i> )	15 €/mes
Abono individual diversidade funcional ( <i>Persoa cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que fai uso das instalacións sen limitacións</i> )	15 €/mes

<i>de días e franxas horarias)</i>	
Abono individual matinal ( <i>Persoa entre os 18 e 64 anos que usa as instalacións na franxa horaria de mañá, ata as 14:00</i> )	15 €/mes
Abono Carné Xove ( <i>Abonados (ata 30 anos) que están en posesión do Carné Xove no momento de facer a matrícula</i> )	15 €/mes
<b>Entrada libre</b>	<b>Euros / sesión</b>
Entrada libre adulto ( <i>Entrada diaria que permite o uso das instalacións sen limitación horaria en dita xornada. Prezo establecido para persoas entre os 18 e 64 anos.</i> )	3,50 €
Entrada libre especial ( <i>Entrada diaria que permite o uso das instalacións sen limitación horaria en dita xornada. Prezo establecido para persoas menores de 18 anos, persoas con 65 anos ou máis, persoas con diversidade funcional igual ou superior ao 33%, ou persoas que teñen en vigor o Carné Xove.</i> )	2,50 €
<b>Actividades dirixidas</b>	<b>Euros / mes</b>
Adestramento grupos reducidos (2 horas semanais) <i>Adestramento de grupos reducidos en horario de pouca afluencia (horario de mañá, ata as 14h. e horario de tarde, ata as 18h). Grupo mínimo de 5 persoas e máximo de 10. Sesións de 60 minutos, 2 días semanais.</i>	8 € abonados 15 € non abonado
Adestramento grupos reducidos (3 horas semanais) <i>Adestramento de grupos reducidos en horario de pouca afluencia (horario de mañá, ata as 14h. e horario de tarde, ata as 18h). Grupo mínimo de 5 persoas e máximo de 10. Sesións de 60 minutos, 3 días semanais.</i>	15 € abonados 20 € non abonado
Outras actividades dirixidas (2 horas semanais)	8 € abonados 15 € non abonado
Outras actividades dirixidas (3 horas semanais)	15 € abonados 20 € non abonado

(...)"

Así como a memoria económica, asinada polo técnico de deportes en data 20/05/2022.

Vistos os informes de secretaría de datas 19 e 20/05/2022 e da intervención municipal de data 20/05/2022, en relación á modificación proposta, procedemento e a lexislación aplicable para proceder á aprobación da modificación da Ordenanza núm. 17.



Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 17 do TRLFL, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 17, reguladora da taxa por prestación de servizos e utilización de instalacións culturais, educativas, deportivas e análogas de titularidade municipal, que se sinala nos antecedentes.

**Segundo.-** Someter a devandita Ordenanza a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

**Terceiro.-** Facultar a Sra. Alcaldesa-Presidenta para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

O que asino en Vimianzo,  
A alcaldesa,  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)"

A Alcaldesa-Presidenta explica o contido da modificación da ordenanza fiscal co fin da reapertura do ximnasio e actualización de tarifas conservando a matrícula dos antigos aboados.

Dña. Raquel Rodríguez dí que non se pode asumir esta subida de taxas.

Dña. Marta Rey entende que houbo modificacións pero non se pode repercutir esa subida nos usuarios.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que non é por afán recaudatorio, senón que se reformou o ximnasio e as cousas hai que poñelas en valor, ademáis que 20 euros é unha cantidade non significativa e hai que valorar o servizo sen facer competencia ao sector privado.

Continúa trasladando que se fixo un estudio de costes polo técnico de deportes comparando con outros municipios sendo o importe razoable e polo menos para manter o ximnasio como está e sen perxuízo de ser conscientes dos momentos complicados nos que nos atopamos.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por seis votos a favor do PsdeG-PSOE, tres abstencións de AV e dous votos en contra do PP.

**3º.- Ditame sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de crédito núm. 2022/TC/04. Exp. 2022/T002/000007.**

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos do 25 de maio de 2022, que se reproduce a continuación:

**"2. Proposta de ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos, na modalidade de transferencia de créditos núm. 2022/TC/04. Expt. 2022/T002/000007.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de maio de 2022, que se transcribe literalmente:  
**"PROPOSTA DE ACORDO**

**ASUNTO: TRANSFERENCIA DE CRÉDITO**

1	<b>Expediente</b> - Expedientes de Tedec - Expedientes nº	2022/T002/000007 2022/TC/04
---	---	--------------------------------

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito suficiente no vixente Orzamento da Corporación e dado que se dispón de crédito noutras aplicacións do presuposto vixente para o ano 2021 prorrogado do ano 2019, faise preciso a modificación de créditos consistente nunha transferencia de crédito.

Visto o informe de Intervención, e de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldesa propón a adopción do seguinte acordo, que elevarase o Pleno previo informe da Comisión de Contas:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito **2022/TC/04**, modalidade transferencia de crédito, por importe total de **40.000,00 €**, co seguinte detalle:

- Achega para financiar o contrato administrativo para xestión de servizos públicos municipais de vivenda comunitaria, comedor e lavandería sobre rodas, escola municipal infantil e centro de día.

**I. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se minora na área de gasto 3:**

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
<b>337.22610</b>	Inst. Tiempo libre. Festas dos maiores.	40.000,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>40.000,00 €</b>

## II. Aplicación orzamentaria cuxo crédito se incrementa na área de gasto 2:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE MODIFICACIÓN
231.47200	Asistencia social primaria	40.000,00 €
	<b>TOTAL</b>	<b>40.000,00 €</b>

**SEGUNDO.-** Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez.”

O Interventor explica o contido.

Dna. Raquel manifesta que non opina sobre este tipo de decisións políticas.

Dna. Marta Rey traslada que non teñen nada que dicir.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por nove votos a favor (6 do PSdeG-PSOE e 3 de AV), dúas abstencións do PP e ningún voto en contra.

### **4º.- Ditame sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario núm. 2022/CE/01. Exp. 2022/T002/000014.**

O secretario da Corporación lee o ditame emidio pola Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 25 de maio de 2022, que se reproduce a continuación:

### **“3. Proposta de ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario núm. 2022/CE/01. Expt. 2022/T002/000014.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de maio de 2022, que se transcribe literalmente:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO**

1	<b>Expediente</b> - Expedientes de Tedec	2022/T002/000014
---	---	------------------





- Expedientes nº	2022/CE/01
------------------	------------

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, faise preciso a modificación de créditos do Orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao compromiso de ingreso non realizado con cargo o POS19 e POS 1/2019 respectivamente.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Que se aprrobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2022/CE/01, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con cargo ao compromiso de ingreso non realizado con cargo o POS19 e POS 1/2019 respectivamente para financiar os gastos seguintes:

- Dotar de crédito a aplicación orzamentaria correspondente para poder levar a cabo a obra: Senda peonil na contorna do rego de Cambeda, por importe de 135.000,00 euros. (POS19).
- Dotar de crédito a aplicación orzamentaria correspondente para poder levar a cabo a obra: Senda peonil da igrexa ata o cemiterio en Berdoias, por importe de 72.814,68 euros. (POS 1/2019).

#### ESTADO DE GASTOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO DE INGRESO	IMPORTE
71 61900	Parques e xardíns Outras Inver reposición infraestruturas	135.000,00 €
171 61900	Parques e xardíns Outras Inver reposición infraestruturas	72.814, 68 €
<b>TOTAL</b>		<b>207.814,68 €</b>

#### ESTADO DE INGRESOS

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CONCEPTO DE INGRESO	IMPORTE
911 00	Otras Subv Correntes Adm Xeral da CCAA	207.814,68 €
<b>TOTAL</b>		<b>207.814,68 €</b>

Praza do Concello, nº 6  
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001  
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal  
[www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo conCódigo de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)





**SEGUNDO.** Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez.”

A Alcaldesa-Presidenta explica que no seu momento non se fixo o RC correspondente no crédito financiado para poder licitar as obras vinculadas e agora que temos as autorizacións pertinentes para elas é preciso licitalas e asegurar a súa financiación conforme ó POS 2019.

Dña. Raquel Rodríguez dí que non hai problemas pola súa parte.

Dña. Marta Rey dí que ven que estamos ante unha obra que xa ven do seu goberno e que é un trámite necesario.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da corporación presentes.

**5º.- Aprobación do Plan de medidas antifraude do Concello de Vimianzo para a xestión dos fondos “Next Generation EU”. Exp. 2022/C006/000001.**

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais celebrada o 25 de maio de 2022, que se reproduce a continuación:

**“1. Aprobación do Plan de medidas antifraude do Concello de Vimianzo para a xestión dos fondos “Next Generation EU”. Exp. 2022/C006/000001**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 20 de maio de 2022, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**Asunto: Aprobación do Plan de medidas antifraude do Concello de Vimianzo para a xestión dos fondos “Next Generation EU”. Exp.2022/C006/000001.**

Vista a proposta de Plan de medidas antifraude do concello de Vimianzo para a xestión dos fondos “Next Generation EU”, asinado en data 19/05/2022.

Visto o informe de secretaría municipal de data 20/05/2022, no que se informa favorablemente á aprobación do dito plan e que se transcribe literalmente: **“INFORME XURÍDICO:**

**EXPTE: 2022/X998/000033.**

**ASUNTO: PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE FONDOS NEXT-GENERATION.**

Lexislación aplicable:

- Constitución Española -CE-.
- Lei 7/85 de 2 de abril - LBRL-.



- Orden HFP/1030/2021 de 29 de setembro -ORTR-.
- Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro -ROF-.

Emítase o presente informe xurídico á vista da providencia de Alcaldía de data 19 de maio de 2022, conforme ó previsto no artigo 173 do ROF e 54 do TRRL entre outros, nos que se fixa un prazo máximo de dez días hábiles para emisión de informe, co fin de elevalo ó Pleno da corporación do presente mes.

Consideracións xurídicas:

**PRIMEIRA.-** O plan de recuperación, transformación e resiliencia, en adelante PRTR, ten unha serie de ambiciosos obxetivos no marco establecido polo Regulamento UE 2021/241 do Parlamento Europeo e Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia.

Este plan de complexa denominación, busca mitigar os impactos da pandemia do COVID 19 e amáis, segundo a exposición de motivos da ORTR, transformar a sociedade, descarbonizala, respetar o medio ambiente, fomentar a dixitalización e similares desideratum na liña editorial global na que nos atopamos.

Asímesmo, introduce principios xa existentes pero que destaca de xeito relevante como o da igualdade efectiva entre homes e mulleres, incentivos a dixitalización, loita contra a fraude e a corrupción e a identificación dos contratistas e subcontratistas.

Realmente nada novo no noso ordeamento xurídico xa que na LCSP en diversos artigos, 64; 70; 132; 150...está recollida a figura do conflito de intereses como prohibición de contratar, loita contra a fraude e actuacións colusorias, sendo elevado a público os anuncios de adxudicación e formalización dos contratos ex art. 63 desta norma e 8 da Lei 19/2013 de 9 de decembro entre outros.

**SEGUNDA.-** Dito isto, o artigo 6 da ORTR establece a obriga de ter aprobado un Plan de medidas antifraude, no que destaca entre as súas prescricións, a obriga para os órganos xestores de autoevaluarse cumprimentando unha Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a existencia dun procedemento para abordar dito conflito de intereses que puidera coincidir cunha causa de abstención das previstas no artigo 23 da LRXSP e 185 do ROF.

Así, o artigo 6 no seu punto 1 dispón:

Con la finalidad de dar cumplimiento a las obligaciones que el artículo 22 del Reglamento (UE) 241/2021 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, impone a España en relación con la protección de los intereses financieros de la Unión como beneficiario de los fondos del MRR, toda entidad, decisora o ejecutora, que participe en la ejecución de las medidas del PRTR deberá disponer de un «Plan de medidas antifraude» que le permita garantizar y declarar que, en su respectivo ámbito de actuación, los fondos correspondientes se han utilizado de conformidad con las normas aplicables, en particular, en lo que se refiere a la prevención, detección y corrección del fraude, la corrupción y los conflictos de intereses.

E no seu punto 5 define o contido e requisitos que como mínimo debe ter o citado plan así como as actuacións a levar a cabo en caso de detectar un posible fraude no seu punto 6:



**a)** Aprobación por la entidad decisora o ejecutora, en un plazo inferior a 90 días desde la entrada en vigor de la presente Orden o, en su caso, desde que se tenga conocimiento de la participación en la ejecución del PRTR.

**b)** Estructurar las medidas antifraude de manera proporcionada y en torno a los cuatro elementos clave del denominado «ciclo antifraude»: prevención, detección, corrección y persecución

**c)** Prever la realización, por la entidad de que se trate, de una evaluación del riesgo, impacto y probabilidad de riesgo de fraude en los procesos clave de la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia y su revisión periódica, bienal o anual según el riesgo de fraude y, en todo caso, cuando se haya detectado algún caso de fraude o haya cambios significativos en los procedimientos o en el personal.

**d)** Definir medidas preventivas adecuadas y proporcionadas, ajustadas a las situaciones concretas, para reducir el riesgo residual de fraude a un nivel aceptable.

**e)** Prever la existencia de medidas de detección ajustadas a las señales de alerta y definir el procedimiento para su aplicación efectiva.

**f)** Definir las medidas correctivas pertinentes cuando se detecta un caso sospechoso de fraude, con mecanismos claros de comunicación de las sospechas de fraude.

**g)** Establecer procesos adecuados para el seguimiento de los casos sospechosos de fraude y la correspondiente recuperación de los Fondos de la UE gastados fraudulentamente.

**h)** Definir procedimientos de seguimiento para revisar los procesos, procedimientos y controles relacionados con el fraude efectivo o potencial, que se transmiten a la correspondiente revisión de la evaluación del riesgo de fraude.

**i)** Específicamente, definir procedimientos relativos a la prevención y corrección de situaciones de conflictos de interés conforme a lo establecido en los apartados 1 y 2 del artículo 61 del Reglamento Financiero de la UE. En particular, deberá establecerse como obligatoria la suscripción de una DACI por quienes participen en los procedimientos de ejecución del PRTR, la comunicación al superior jerárquico de la existencia de cualquier potencial conflicto de intereses y la adopción por este de la decisión que, en cada caso, corresponda.

**6.** En el supuesto de que se detecte un posible fraude, o su sospecha fundada, la entidad correspondiente deberá:

**a)** Suspender inmediatamente el procedimiento, notificar tal circunstancia en el más breve plazo posible a las autoridades interesadas y a los organismos implicados en la realización de las actuaciones y revisar todos aquellos proyectos, subproyectos o líneas de acción que hayan podido estar expuestos al mismo;

**b)** Comunicar los hechos producidos y las medidas adoptadas a la entidad decisora, o a la entidad ejecutora que le haya encomendado la ejecución de las actuaciones, en cuyo caso será ésta la que se los comunicará a la entidad decisora, quien comunicará el asunto a la



Autoridad Responsable, la cual podrá solicitar la información adicional que considere oportuna de cara a su seguimiento y comunicación a la Autoridad de Control;

c) Denunciar, si fuese el caso, los hechos a las Autoridades Públicas competentes, al Servicio Nacional de Coordinación Antifraude –SNCA-, para su valoración y eventual comunicación a la Oficina Europea de Lucha contra el Fraude;

d) Iniciar una información reservada para depurar responsabilidades o incoar un expediente disciplinario;

e) Denunciar los hechos, en su caso, ante el Ministerio Fiscal, cuando fuera procedente.

**TERCEIRA.-** En canto o procedemento, non ten máis que a aprobación polo órgano competente e o seu traslado os servizos municipais e darlle publicidade por razóns de transparencia na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia de ser o caso, non por prescripción legal.

O órgano competente, ó non haber norma con rango de lei que atribúa expresamente sería a Alcaldesa da Corporación, mais por afectar ós procedementos de contratación e poder ser estes competencia plenaria pola súa contía e duración conforme a Disposición Adicional 2ª da LCSP, e sendo a citada presidenta nata deste órgano, considero elevalo ó mesmo previo ditame para a súa aprobación.

#### **CONCLUSIÓN:**

Vistos os considerandos expostos e o "Plan de Medidas Antifraude" que segue no seu contido ó publicado no portal da transparencia da Xunta de Galicia e demais concellos similares na busca dunha homoxeneidade e coherencia, informo favorablemente o expediente para a súa aprobación polo Pleno da corporación e traslado e publicidade nos termos expostos.

O Secretario  
Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mín, A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez"

Vista a competencia do Pleno, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o Plan de medidas antifraude do concello de Vimianzo para a xestión dos fondos "Next Generation EU".

**Segundo:** Dar traslado do dito Plan aos servizos municipais e darlle publicidade por razóns de transparencia na páxina web, taboleiro de anuncios e portal de transparencia.

O que asino en Vimianzo,  
A alcaldesa,  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)"

O secretario explica brevemente a finalidade deste documento remitíndose ao seu informe.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes.



**6º.- Aprobación do IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Vimianzo para os anos 2022-2026. Exp. 2022/X999/000033.**

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Benestar Social celebrada o 25 de maio de 2022, que se reproduce a continuación:

**“1. Aprobación do IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, do Concello de Vimianzo para os anos 2022-2026. Exp. 2022/X998/000033.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 20 de maio de 202, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**Asunto: Aprobación do IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, do concello de Vimianzo para os anos 2022-2026. Exp.2022/X998/000033.**

Vista a proposta de IV plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do concello de Vimianzo, para o período 2022-2026, así como o resto de documentación que consta no expediente como a análise sociodemográfica deste municipio e a acta de negociación realizada o 12/05/2022 na que se da audiencia aos representantes sindicais municipais.

Visto o informe de secretaría municipal de data 19/05/2022, no que se informa favorablemente á aprobación do dito plan e que se transcribe literalmente: “(...)INFORME XURÍDICO:  
**EXPTE: 2022/X998/000033.**  
**ASUNTO: PLAN DE IGUALDADE.**

Lexislación aplicable:

- Constitución Española -CE-.
  - Lei 7/85 de 2 de abril -LBRL-.
  - LO 3/2007 de 22 de marzo -LOIHM-.
  - RD Lei 6/2019 de 1 de marzo de medidas urxente -LMUIHM-.
  - RD Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro -TREBEP-.
  - RD Lexislativo 2/2015 de 23 de outubro -TRET-.
  - RD 901/2020 de 13 de outubro e RD 902/2020 de 13 de outubro.
  - Decreto Lexislativo 2/2015 de 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido de Galicia en materia de igualdade.
  - Lei 2/2007 de 28 de marzo de igualdade das mulleres en Galicia -LIMG-.
- Emítase o presente informe xurídico á vista da providencia de Alcaldía de data 19 de maio de 2022, conforme ó previsto no artigo 173 do ROF e 54 do TRRL entre outros no que se fixa un prazo máximo de dez días hábiles para emisión de informe, co fin de elevalo ó Pleno da corporación do presente mes.

Consideracións xurídicas:

**PRIMEIRA.-** A obriga de dispor esta administración de plan de igualdade, ven dado polo dereito fundamental de igualdade previsto no artigo 14 da CE que se impón nas actuacións dos poderes públicos, así como a remoción de obstáculos contemplada no artigo 9.2 desta norma.  
Máis concretamente, para o persoal estatutario tamén o impón a Disposición Adicional 7ª do TREBEP e o 17.5 do TRET para o persoal laboral.





Asímesmo, a Disposición Final 1ª do RD Lexislativo 9/2018 de 3 de agosto modifica o artigo 25 da LBRL engadindo unha materia máis a desenvolver por parte das EELL, a partires de normativa legal de carácter sectorial en relación con este ámbito no seu punto 2.o) coa seguinte redacción: **o)** Actuaciones en la promoción de la igualdad entre hombres y mujeres así como contra la violencia de género.

O artigo 45 da LOIHM na redacción dada polo RDLex. 6/2019 e o artigo 9 da LIMG contemplan esta obriga co seguinte teor:

Os plans de igualdade das empresas son un conxunto ordenado de medidas, adoptadas despois de terse realizado un diagnóstico da realidade desde a perspectiva de xénero, tendentes a alcanzar na totalidade dos ámbitos da empresa o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo, as cales deben comprender:

1.º) A fixación de obxectivos concretos de igualdade dentro duns prazos de tempo razoables, con especificación de indicadores do cumprimento dos obxectivos e identificación dos órganos ou das persoas responsables.

2.º) Un código das boas prácticas necesarias ou convenientes para alcanzar os obxectivos asumidos a través da integración da dimensión de igualdade na organización do traballo e na xestión empresarial.

3.º) O establecemento de sistemas eficaces de control interno e de avaliación externa sobre cumprimento dos obxectivos, así como de mecanismos de readaptación deses obxectivos en función dos resultados obtidos.

#### **SEGUNDA.- Procedemento:**

En primeiro lugar, destacar que estamos ante un instrumento suxeito a negociación conforme ó artigo 37.1 do TREBEP, cos requisitos previstos no artigo 33 e ss. desta norma e o RD 901/2020.

Debe figurar no expediente acta da mesa de negociación co fin de dar cumprimento á negociación prevista da que dou fé da súa celebración o 12 de maio de 2022 xa que formei parte dela como asesor.

A estrutura do plan de igualdade configúrase segundo establece o artigo 8.2 do RD 901/2020 de 13 de outubro sen que deba coincidir o índice exactamente cos vocablos utilizados normativamente:

Los planes de igualdad se estructurarán de la siguiente forma y tendrán, al menos, el siguiente contenido:

- a) Determinación de las partes que los conciertan.
- b) Ámbito personal, territorial y temporal.
- c) Informe del diagnóstico de situación de la empresa, o en el supuesto a que se refiere el artículo 2.6 un informe de diagnóstico de cada una de las empresas del grupo.
- d) Resultados de la auditoría retributiva, así como su vigencia y periodicidad en los términos establecidos en el Real Decreto 902/2020, de 13 de octubre, de igualdad retributiva entre mujeres y hombres.
- e) Definición de objetivos cualitativos y cuantitativos del plan de igualdad.
- f) Descripción de medidas concretas, plazo de ejecución y priorización de las mismas, así como diseño de indicadores que permitan determinar la evolución de cada medida.
- g) Identificación de los medios y recursos, tanto materiales como humanos, necesarios para la implantación, seguimiento y evaluación de cada una de las medidas y objetivos.
- h) Calendario de actuaciones para la implantación, seguimiento y evaluación de las medidas del plan de igualdad.



- i) Sistema de seguimento, avaliación e revisión periódica.
- j) Composición e funcionamento da comisión u órgano paritario encargado do seguimento, avaliación e revisión periódica dos plans de igualdade.
- k) Procedimento de modificación, incluído o procedemento para solventar as posibles discrepancias que puideran surgir na aplicación, seguimento, avaliación ou revisión, en tanto que a normativa legal ou convencional non oblixe a súa adecuación.

### TERCEIRA.-

En relación co órgano competente e requisitos da aprobación do plan de igualdade, se ben non está atribuído legalmente de xeito expreso a súa aprobación ó Pleno da Corporación e por tanto segundo a cláusula residual corresponderíalle á Alcaldesa da corporación, dada as connotacións do seu contido e obrigas que afectan as condicións de traballo e a paz social, considero que debe aprobarse polo órgano plenario cun quorum non cualificado de maioría simple dos presentes.

Entre as prescricións singulares dos PI, figura que deberán ser obxecto de inscrición obrigatoria nun rexistro público de plans de igualdade regulado no RD 713/2010 de 28 de maio sen perxuízo da súa inscrición no rexistro autonómico competente que, acudindo á páxina web da Xunta de Galiza, se ubica na Consellería de Emprego e Igualdade sen que puidera acceder ó seu contido por motivos descoñecidos por esta parte.

Dita inscrición deberá acompañarse da folla estatística recollida no correspondente modelo establecido no RD 713/2021 (Anexo 2.V).

Amáis deberá publicarse no portal de transparencia municipal conforme dispón o artigo 6 da Lei 19/2013 de 9 de decembro.

A vixencia do PI será de 4 anos como máximo como así estipula o plan trasladado conforme ó artigo 9 do RD 901/2020, do que se bota en falta que o índice teña unha clasificación numérica para acceder ó seu contido.

### CONCLUSIÓN:

Infórmase favorablemente o PI trasladado en relación co procedemento a seguir e contido do expediente, debendo elevalo para o seu ditame á comisión informativa correspondente que deberá adoptarse con este teor sen perxuízo da súa alteración fundada en dereito:

- 1.- Aprobar o PI do concello de Vimianzo que deberá ser debidamente dilixenciado formando parte como anexo dos documentos reguladores das relacións entre esta administración e os seus traballadores.
- 2.- Inscibir este PI nos rexistros estatais e autonómicos correspondentes nos termos dispostos polo secretario da Corporación.
- 3.- Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de anuncios municipal, páxina web e portal de transparencia para xeral coñecemento xunto co PI e os recursos que procedan.

O Secretario  
Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mín, A Alcaldesa  
Mónica Rodríguez Ordóñez”

Vista a competencia do Pleno, propónse a este, previo ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, a adopción do seguinte **ACORDO**:





**Primeiro:** Aprobar o IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, do Concello de Vimianzo, para os anos 2022-2026, que deberá ser debidamente dilixenciado formando parte como anexo dos documentos reguladores das relacións entre esta administración e os seus traballadores.

**Segundo:** Inscribir este IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, do Concello de Vimianzo, para os anos 2022-2026, nos rexistros estatais e autonómicos correspondentes nos termos dispostos polo secretario da Corporación.

**Terceiro:** Publicar este acordo no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios municipal, na páxina web e portal de transparencia para xeral coñecemento xunto co Plan e os recursos que procedan.

O que asino en Vimianzo,  
A alcaldesa,  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)"

Dna. Marta manifesca que se deu voz ós diferentes grupos políticos e é importante que se lle faga un seguimento e este sexa real.

A Alcaldesa-Presidenta dí que a idea que presentalo pola concellalía de Benestar nun acto multitudinario e levalo á práctica.

Pásase á votación do asunto obténdose a aprobación por UNANIMIDADE dos membros da Corporación presentes.

## **B) Sección de control**

### **7º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.**

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas desde o día 21-04-2022 con número 431/2022 ata o día 25-05-2022 con número 596/2022.

O Pleno do Concello douse por enterado.

### **8º. Mocións de urxencia.**

Non se presentan.

### **9º. Rogos e preguntas.**

Non se presentan.



Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:28 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo.

A Alcaldesa  
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral  
Francisco Javier Novoa Juiz

---

Praza do Concello, nº 6  
15129 – Vimianzo (A Coruña)

Tel. 981716001  
Fax 981716650

correo@vimianzo.gal  
[www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)

---

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo con Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)